

ACORDO SOBRE CATEGORÍAS DO PAS LABORAL

Co obxectivo de clarear os criterios aplicables por unha banda, á valoración dos servizos prestados en determinadas categorías e por outra, á xestión das listas de agarda, a Xerencia da Universidade de Vigo e a representación do persoal funcionario e laboral de administración e servizos,

ACORDAN

Primeiro: Equivalencia de categorías e situacións extraordinarias.

1. Equivalencia de categorías.

No apartado “experiencia” prevista no anexo III do II Convenio colectivo, na fase de concurso de acceso xeral libre, considerarase que o desempeño de postos na Universidade de Vigo, nas categorías indicadas na primeira columna do seguinte cadro, son equivalentes ás reflectidas nas categorías vixentes na RPT de 2016.

	CATEGORÍA RPT 2016
T.S. servizos xerais de investigación T.S. calidade alimentaria e desenvolvemento sostible	T.S. análise instrumental
T.S. Equipo de Feixe de Ións (IB) e en Mic. Electrónica de Varrido (SEM)	T.S. Microscopía Electrónica
T.S. Determinación Estrutural e Proteómica e Xenómica	T.S. Determinación Estrutural e Proteómica
Telefonista (extinguida)	A.T. Información Telefónica

2. Situacións extraordinarias.

De xeito singular e atendendo ao obxecto do seu contrato, valoraranse os servizos prestados como técnico/a superior das persoas que se indican, no apartado “experiencia” da fase de concurso nas convocatorias de acceso xeral libre:

OBXECTO DO CONTRATO	PERSOA	CATEGORÍA
Apoio ás tarefas dos servizos de Proteómica ofrecidos polo CACTI	Paula Álvarez Chaver	T.S. Determinación Estrutural e Proteómica
Apoio ás tarefas dos servizos de Xenómica ofrecidos polo CACTI	Ángel S. Comesaña Calvo	T.S. de Xenómica

Apoio ás tarefas dos servizos de apoio á investigación na unidade de medios mariños da ECIMAT	Enrique Poza Domínguez	T.S. de Actividades do Medio Mariño
---	------------------------	-------------------------------------

Segundo: O persoal de administración e servizos fixo incluído nalgunha lista de agarda que sexa chamado para desempeñar postos en funcións de categoría superior ou distinta ou nunha escala de PAS funcionario diferentes á de pertenza, valoraráselle o tempo de desempeño destes postos, sempre que se correspondan cos da praza convocada pola Universidade de Vigo, no apartado “experiencia” da fase de concurso nos procesos selectivos de acceso xeral libre así como no apartado 4.2.b) do Acordo de selección temporal, acceso interno e adscrición provisional (DOG do 07/04/09).

Terceiro: As listas de agarda das categorías que mediante este acordo se consideran equivalentes, vixentes no momento da súa sinatura, fusionaranse respectando a data da súa elaboración (data de publicación da resolución que poña fin ao correspondente proceso selectivo) e de acordo co establecido no Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional de 2009

CATEGORÍA RPT 2016	LISTAS DE AGARDA
T.S. Análise Instrumental	- T.S. Servizos Xerais de Investigación (2004 e ampliación 2010) - T.S. Calidade Alimentaria e desenvolvemento sostible (2008)
T.S. Microscopía Electrónica	- T.S. Microscopía Electrónica (2002, ampliacións: 2012 e 2020) - T.S. Equipo de Feixe de Ións (IB) e en Microscopía Electrónica de Varrido (SEM) (2009)
T.S. Determinación Estrutural e Proteómica	- T.S. Análise Instrumental (1998 e ampliacións 2007 e 2011)
A.T. Información Telefónica	- Telefonista


Cuarto: Aos efectos de regularizar e adecuar as denominacións das categorías de PAS laboral nas diferentes listas de agarda respecto das denominacións vixentes na actual RPT, realizaranse as seguintes modificacións:

DENOMINACIÓN ACTUAL	NOVA DENOMINACIÓN
Técnico/a superior de apoio aos programas de formación e innovación educativa	Técnico/a superior de innovación educativa
Técnico/a superior da oficina de relacións internacionais	Técnico/a superior de relacións internacionais
Técnico/a medio de apoio aos programas de formación e innovación educativa	Técnico/a medio de innovación educativa


Quinto: Para os efectos de valoración do traballo desenvolvido nos concursos de traslados do persoal laboral “na mesma ou equivalente categoría”, regulado no anexo VI do Convenio colectivo, resultará aplicable o cadro de equivalencias que figura no apartado Primeiro.1. deste acordo, computándose 0,20 puntos por mes ou fracción de traballo desenvolvido nas universidades públicas de Galicia.

Sexto: Este acordo asínase o 4 de marzo de 2020 e producirá efectos a partires do día seguinte.


A Xerenta,



O Presidente da Xunta de Persoal



O Presidente do Comité
de Empresa de Pontevedra,



O Presidente do Comité de
Empresa de Ourense,



